RESUMO

I INTRODUCIÓN

No século XX España desagrarizouse e o sector primario só ocupa ao 4,5% da poboación activa e aporta o 4,5% ao PIB nacional.

II O ESPAZO RURAL

Podémolo definir como aquel non urbano. Na actualidade é moi variado e complexo, pois o número de actividades que se desenvolven nel son moitas e variadas.

1. FACTORES DO ESPAZO RURAL

1.1 Os factores físicos (solo, clima, relevo) son pouco favorecedores para estas actividades. O desenvolvemento tecnolóxico permite diminuír os condicionamentos negativos dos factores físicos.

1.2 Os factores humanos.

a) Actualmente, e tras unha evolución duns 50 anos, España conta cunha estrutura agraria caracterizada polos seguintes aspectos: traballa un pequeno número de persoas envellecidas nunhas explotacións de tamaño crecente normalmente de carácter intensivo que aportan importantes producións e rendementos.

- Explotacións: unha explotación é a unidade económica que agrupa todas as parcelas traballadas por un mesmo agricultor ou gandeiro tanto se as terras son súas ou non, como se están xuntas ou dispersas. Dende os anos 60 as explotacións españolas aumentaron de tamaño ata chegar ás 25 ha. de media (se ben se manteñen contrastes interrexionais). O espazo rural está organizado en parcelas que son as unidades mínimas das explotacións. Poden ser de varios tipos regulares ou irregulares; abertas (openfield) ou pechadas (bocage).
- Propiedade: elemento xurídico que fai referencia ao dono da terra. Hai enormes contrastes que existen entre os latifundios e os minifundios. Os primeiros son grandes propiedades rurais (máis de 100 hectáreas). Os segundos son pequenas propiedades (menos de 10 hectáreas). Predominan no norte da península, no litoral valenciano e nas illas.

b) Réxime de tenza: explica a relación que existe entre propiedade e o uso da terra. Hai dous tipos de tenza. Tenza directa: as terras son traballadas polos propios donos das mesmas ou por medio de asalariados. E Tenza indirecta: propietario e e traballador da terra non coinciden. O propietario da terra cédelle esta a outra persoa a cambio dunha porcentaxe da colleita –parceiría- ou polo pago dunha renda determinada –arrendamento-.

c) Desenvolvemento do cooperativismo. Esta práctica está a medrar.

2. O POBOAMENTO RURAL

O termo poboamento refírese ao proceso de asentamento nun lugar ou área e o termo rural a un núcleo habitado por menos de 10000 persoas. As principais tipoloxías de poboamento son:

a) Poboamento disperso: a casa rural está soa, illada e separada das demais por medio de campos de cultivos, prados ou montes.

b) Poboamento concentrado: as vivendas dispóñense unha xunto as outras formando núcleos. Diferenciamos dous subtipos:

- Concentrado lineal: as casas están dispostas ao longo dunha estrada.
- Agrupado: as casas están xuntas arredor dun núcleo.

c) Poboamento intercalar: caracterízase pola situación de edificacións illadas entre núcleo e núcleo concentrado.

III A AGRICULTURA

Dende os anos 60 do século XX España abandonou os seus tradicionais rasgos agrícolas.

1. A MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE CULTIVO

Como xa se dixo a agricultura española experimentou unha intensa transformación, ou que posibilitou a intensificación da produción e o aumento dos rendementos. As principais transformacións foron as seguintes:

- Potenciación da mecanización.
- Especialización da produción.
- Emprego de sementes seleccionadas e de cultivos transxénicos.
- Potenciación do emprego de abonos e fitosanitarios.
- Desenvolvéronse diferentes prácticas para minimizar os efectos dos condicionantes naturais: cultivo baixo plástico, os areados, cultivos hidropónicos
- Ampliación dos regadíos. Permitiu a diminución do barbeito e a potenciación da agricultura intensiva a conta da extensiva.
- Mellora da formación dos labregos.

2.- OS USOS DOS SOLOS E OS CULTIVOS AGRARIOS

2.1 Os usos dos solos: podemos distinguir catro:

- Terras labradas. Son as terras de cultivo. 34% da superficie total.
- Prados naturais e pastos. Destinados a producir herba para o gando. 16% do total de terras.
- Áreas forestais. Correspóndese cos bosques. 32% da superficie rural.
- Outros empregos. Inclúense aquí os terreos non produtivos e os que se adican a usos urbanos e non propiamente rurais.

2.2. Os cultivos agrarios: os principais tipos de cultivos son:

- Cultivos herbáceos
- Cultivos leñosos.

3.- OS PROBLEMAS DO AGRO E A POLÍTICA AGRARIA

- Para tentar corrixir algúns dos múltiples problemas sempre tiveron as áreas rurais xurdiron ao longo da historia diferentes políticas agrarias: a desamortización do século XIX, as reformas agrarias da II República, a concentración parcelaria, expansión dos regadíos, lexislación de grandes propiedades... A pesar de todas estas medidas, o mundo rural español segue a ter graves problemas, para tentar darlles solución, España, ademais das súas propias políticas agrarias, apoiase na Política Agraria Común (PAC).

III A GANDERÍA

1.-TRANSFORMACIÓN DUNHA GANDERÍA TRADICIONAL CARA UNHA MODERNA

Nos anos 60, 70 e 80 en España produciuse a defunción da gandería tradicional e da aparición dunha moderna definida polos seguintes aspectos:

- Aumenta considerablemente o número de cabezas de gando.
- É unha actividade totalmente autónoma non integrada.
- Difusión de razas foráneas.
- A transhumancia ten hoxe por hoxe unha presencia só testemuñal.
- A gandería está a asumir importantes melloras técnicas.,
- As explotacións cada vez están menos condicionadas polo medio.

2.- A DIVERSIDADE GANDEIRA

As principais cabanas gandeiras en España son: a bovina, a ovina a caprina, a porcina e a avícola.

IV A EXPLOTACIÓN FORESTAL

España é o 5º país europeo por recursos forestais. As especies máis representativas dos bosques españois son as frondosas e as coníferas e as principais rexións produtoras son as rexións do cantábrico e áreas montañosas da meseta norte, como os bosques de Soria. Os espazos forestais permiten desenvolver as seguintes actividades económicas:

- Produción de madeira. España non é autosuficiente, polo que hai que manter elevadas importacións.
- Produción de cortiza: para rollas e illantes.
- Os montes tamén se poden aproveitar para a recolección de alimentos como as castañas, cogomelos, landras…
- Espazo forestal tamén se pode aproveitar para desenvolver as actividades turísticas e cinexéticas.

V PAISAXES AGRARIAS

Froito da interacción dos factores físicos (solos, clima, relevo) cos factores humanos (rexímenes de propiedade, tamaño da mesma, tipoloxía de cultivos…) xorden diferentes paisaxes agrarias. En España distinguimos as seguintes: paisaxe da España húmida, da España de interior, da España mediterránea, da España de montaña e a paisaxe canaria.

VI A PESCA

A pesca,é unha actividade económica que ten como misión a captura de peixes e outros animais para o seu posterior consumo como alimento ou como materia prima nalgunha industria. A actividade pesqueira sempre tivo unha gran importancia no estado español pero na actualidade, España só pode ser catalogada como unha potencia de segundo orde a nivel mundial: perdéronse empregos no sector, reducíronse as capturas, perdéronse embarcacións e reduciuse o aporte da pesca ao PIB.

Para poder cubrir a demanda de produtos pesqueiros faise necesario que se aproveiten os caladoiros nacionais, os internacionais e incluso tamén que se fagan importacións dun bo número de especies mariñas.

1.- OS ESPAZOS DA PESCA

Denominamos caladoiros aos lugares máis apropiados para pescar. Hai tres tipos de caladoiros: os caladoiros nacionais, os caladoiros internacionais comunitarios e os internacionais non comunitarios. Os primeiros esténdense ata as 200 millas náuticas (definen a Zona Económica Exclusiva Z.E.E: correspóndese coas augas que pertencen en exclusividade a un país), son aproveitados polos barcos máis pequenos e menos tecnificados que se adican á pesca de baixura. Os segundos están fóra da nosa ZEE e pertencen a outras países membros da UE e os terceiros pertencen a países non comunitarios. Estes dous últimos están explotados polos barcos de altura e grande altura (barcos máis grandes e con maior desenvolvemento tecnolóxico).

2.- PRINCIPAIS PROBLEMAS DO SECTOR PESQUEIRO

- Envellecemento dos pescadores.
- Pequeno tamaño das empresas pesqueiras (sobre todo no caso da pesca artesanal) fainas pouco produtivas e competitivas.
- A antigüidade das embarcacións
- Esgotamento dos caladoiros sobreexplotación.
- Falta de caladoiros internacionais
- A adopción de cotas e a limitación de licencias.

Todos estes problemas fan necesario adoptar unha serie de medidas correctoras tanto desde instancias autonómicas como estatais como, e sobre todo, comunitarias:

a) Renovación da frota
b) Fixar topes de capturas, establecer períodos de veda e prohibir certas artes.
c) Creación de empresas mixtas.
d) Negociación con terceiros países para conseguir novas licencias pesqueiras (as negociacións non dependerán do goberno español, serán competencia das autoridades da UE).
e) Fomento da acuicultura.

3.- A ACUICULTURA

Denomínase acuicultura á cría de especies animais, mariñas ou de auga doce, en catividade. Como medio válido para aumentar o abastecemento de peixe. As principais zonas acuícolas son Galicia, Andalucía e Canarias. As especies máis relevantes serán os mexillóns a dourada, o rodaballo, a robaliza e ao troita.